



CEU

Escuela Universitaria
de Magisterio



CEU
Escuela Universitaria
de Magisterio

Universidade de Vigo

26 JUL 2024

Universidade de Vigo

SAÍDA

0-145

Vista a Resolución Reitoral de data 30 de maio de 2024 pola que se publica a Convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grado da Universidade de Vigo para o curso académico 2024/25.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de **“Admisión para cursar unha mención”** dirixida a persoas con título de grado que desexen cursar outra mención das impartidas dentro dun plan de estudos coa mesma denominación, aínda que varía segundo se trate de estudos previos rematados nesta ou noutras universidades españolas.

Tendo en conta o apartado 1.9 da convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025 (R.R. do 30 de maio de 2024), o Regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións co mesmo plano de estudos na Universidade de Vigo de data 22 de maio de 2019 (modificado 13/01/22), e os criterios de admisión

Esta Dirección RESOLVE,

1. Facer pública a **listaxe definitiva** de persoas admitidas, **tituladas na Universidade de Vigo** para formalizar a matrícula na mención no grado de Educación Infantil (Anexo I).
2. Facer pública a **listaxe definitiva** de persoas admitidas, **tituladas na Universidade de Vigo** para formalizar a matrícula na mención no grado de Educación Primaria (Anexo II).
3. Facer pública a **listaxe definitiva** de persoas admitidas, **tituladas noutras universidades españolas** para formalizar a matrícula na mención no grado de Educación Infantil (Anexo III).
4. Facer pública a **listaxe definitiva** de persoas admitidas, **tituladas noutras universidades españolas** para formalizar a matrícula na mención no grado de Educación Primaria (Anexo IV).
5. Convocar no prazo do **22 de agosto ao 6 de setembro de 2024** a formalizar a súa matrícula, poñéndose en contacto coa secretaria do centro: maxisteriovigo@uvigo.gal / Telf: 986414498. Transcorrido o mencionado prazo sen que se efectúe a matrícula, decaerá no seu dereito e arquivarase o expediente sen máis trámite.

Contra esta resolución, que esgota á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE 14/07/1998).

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 26 de xullo de 2024

O REITOR

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A DIRECTORA



CEU
Escuela Universitaria
de Magisterio

Mario Jesús Ayuso Manso

Asdo.: M^a Jesús Ayuso Manso



CEU

*Escuela Universitaria
de Magisterio*

Universidad de Vigo

ANEXO I. MENCIÓN NO GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL

APELIDOS, NOME	UNIVERSIDADE
.....	UVIGO

ANEXO II. MENCIÓN NO GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

APELIDOS, NOME	UNIVERSIDADE
FERNÁNDEZ VARELA DANIEL	UVIGO
POTTI LÓPEZ PAULA	UVIGO

ANEXO III. MENCIÓN NO GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL

APELIDOS, NOME	UNIVERSIDADE
.....

ANEXO IV. MENCIÓN NO GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

APELIDOS, NOME	UNIVERSIDADE
.....